



POLÍTICA DE CALIDADE

A Dirección-Xerencia de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., como máximo responsable do Sistema de Xestión da Calidade da empresa, estableceu a política de calidade que se debe seguir na mesma e os obxectivos que se deben alcanzar de acordo a ésta.

A nosa política reflicte un compromiso real cos requisitos e expectativas do noso cliente e demais partes interesadas pertinentes, así como co cumprimento da lexislación aplicable e a mellora continua do sistema de xestión.

A Dirección-Xerencia de Galaria EPPS, S.A. considera imprescindible a participación e implicación de todo o persoal para conseguir un funcionamento eficaz do Sistema de Xestión da Calidade, que permita alcanzar os obxectivos establecidos.

A política de calidade fundaméntase nos seguintes principios, que constitúen a súa vez os obxectivos a alcanzar:

- A plena satisfacción dos nosos clientes como nosa máxima prioridade.
- A utilización de eficiente de todos os recursos necesarios para garantir aos nosos clientes un servizo fiable e que cumpre estrictamente con todos os requisitos que lle son aplicables.
- A mellora continua dos nosos procesos, produtos e servizos como empeño no que nunca cesamos. Para iso fíxanse obxectivos de cumprimento a curto, medio e longo prazo.
- A implicación de todos os empregados, unido ao total apoio desde o Equipo de Dirección da empresa, indispensable para conseguir os obxectivos establecidos.
- O axuste dos procesos e actividades da empresa de modo que satisfagan os contidos e mandato da norma 9001. Iso materializarase coa consecución e o subseguinte mantemento da certificación.

Esta política de calidade forma parte da cultura da empresa e é coñecida e entendida por todo o persoal. Con este fin, está dispoñible na páxina web e nas propias instalacións para o seu coñecemento por todas as partes interesadas.

O Manual de Calidade é o documento que recolle as directrices e filosofía do Sistema de Xestión de Calidade da empresa. É responsabilidade de todo o personal o cumprimento obrigado de todo o citado nel e nos procedementos e manuais que apliquen a cada actividade.



GALARIA
EMPRESA PÚBLICA DE
SERVIZOS SANITARIOS

Rocío Mosquera Álvarez
Directora Xerente